



CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS POLA PARTICIPACIÓN EN FASES DE ASCENSO ÓS TRES PRIMEIROS NIVEIS DE COMPETICIÓN DE ÁMBITO NACIONAL EN CATEGORÍA ABSOLUTA

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a fomentar a participación nas fases de ascenso a unha dos tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta celebradas entre o 1 de xaneiro e o 15 de xullo de 2025.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O crédito máximo destinado a estas subvencións será de 50.000,00€ (Cincuenta mil euros) que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 3410.480.00.19 “convocatoria de subvencións participación fases de ascenso”.

TERCEIRA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas:

Os clubs deportivos con sede social na cidade de Vigo que participen en fases de ascenso a calquera das tres máximas categorías do deporte nacional en categoría absoluta, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, estean integradas na federación deportiva correspondente e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Causas de exclusión:

2.1.-Quedan excluídos os seguintes tipos de entidades:

- As Entidades con ánimo de lucro.
- Os clubs e entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais, clubs profesionais, Administracións Públicas, centros escolares, Universidades e Fundacións.
- As entidades que reciban subvencións ou axudas do Concello de Vigo en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria.

2.2.- Quedarán excluídas as competicións de deporte non Federado.

3.- As entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo do servizo de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2025 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

NOVENA.- PAGO.

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.